

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

Tempo de verán e experimental

Campamentos Forum e Ágora

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

Aberta a preinscrición
do 24 ao 26 de maio.

Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2021



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2021

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS FÓRUM E ÁGORA

A Concellaría de Cultura a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos organiza un ano máis os Campamentos no Fórum e no Ágora. Propoñémosvos ás nenas e nenos da nosa cidade, unha oferta variada de actividades de lecer (motrices, plásticas, musicais, teatrais, de expresión oral e escrita, de lóxica matemática...) que teñen como principal obxectivo entreter e xogar, a través dunha educación en valores que favoreza novas relacións persoais e de grupo...esperámosvos un ano máis!

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

O Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social, e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria, en relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil nas diferentes fases de desescalada e volta á normalidade, en función da evolución xeral e territorial da COVID-19.

Para este fin implementará, en todas as actividades de lecer xuvenil, estratexias e protocolos de actuación así como condicións de participación nas actividades.

A realización dos campamentos do Concello da Coruña queda supeditada á evolución da crise sanitaria provocada pola Covid-19. No caso de emitir as autoridades sanitarias competentes información contraria á súa realización, este quedaría suspendido.

1. PROTOCOLO DE ADECUACIÓN DAS ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS A EMPREGAR EN ACTIVIDADES DE LECER EDUCATIVO XUVENIL CON MOTIVO DA COVID-19

Co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas usuarias e traballadores/ as no ámbito da educación non formal, establecerase un protocolo de actuación con medidas xerais e específicas a situacións concretas. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

2. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASO DE RISCO DE CONTAXIO OU DE CONTAXIO POSITIVO EN COVID-19

O campamento contemplará e avaliará o risco para cada tipo de situación que poida darse, a través dun protocolo de prevención e actuación ante COVID-19, coas consideracións para ter en conta en caso de risco de contaxio ou de contaxio positivo. Este protocolo poñerase en coñecemento das familias.

3. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal, a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

CALENDARIO

Preinscrición: 24, 25 e 26 de maio

*Pódense solicitar todas as quendas que se desexen por orde de preferencia.

**Unha vez que se realice a inscrición recibirá no seu correo electrónico a resposta con todos os datos que apuntou. Comprobe que son correctos.

***A adxudicación do número para o sorteo farase ao remate de cada día e publicárase en coruna.gal/cultura

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 31 de maio

Reclamacións: 01, 02 e 03 de xuño

Sorteo das prazas: 04 de xuño

Publicación de listaxes de admitidas/os: 10 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2021 e coruna.gal/cultura

*Nelas figurarán o número de inscrición, o NIE da nai/pai/titor/a que realizou a inscrición así como a quenda asignada.

**As prazas adxudicaranse a partir do número de inscrición que saia agraciado no sorteo público do 04 de xuño. En todo caso, tratarase de lles conceder, cando menos, unha quenda a todas as persoas solicitantes, antes de conceder unha segunda quenda.

***Se a primeira ou última praza de cada quenda lle corresponde a un/unha participante cun irmán/á inscrito/a consecutivamente, ambos obterán a praza.

Inscrición: do 11 ao 15 de xuño

PERSOAS DESTINATARIAS

Menores nadas/os entre o 01/01/2009 e o 31/12/2017

*Reservarase o 10% das prazas de cada quenda (adxudicadas segundo o número do sorteo) para solicitantes con diversidade funcional nun grao que lles permita participar nas actividades co grupo. No caso de resultar maior a demanda deste tipo de prazas, Serviplustotal SL valorará individualmente a pertinencia de cada unha das solicitudes. Nestes casos, non se acometerán tarefas que requiran funcións médicas ou hixiénico-sanitarias.

QUENDAS

1ª Quenda: do 28 de xuño ao 09 de xullo 2021

“Marineda”. Neste ano tan especial do 100 aniversario do seu

nacemento, coñeceremos un pouco máis a dona Emilia Pardo Bazán. Desfrutaremos dos seus contos e descubriremos neles as súas inxerencias. A través dos relatos das súas viaxes achegarémonos, de forma divertida e entretida, un pouco máis a esta coruñesa emblemática.

2ª Quenda: do 12 ao 23 de xullo de 2021

“Bicheando”. Neste tempo de verán a natureza volve despertar toda a nosa curiosidade. Poñerémonos no lugar dos pequenos animais, bichos, paxaros... que habitan cerca de nós e descubriremos os seus segredos: a onde irán, de onde virán, que comen, onde viven... Sendo pequeno/a, ao estar máis preto do chan será máis fácil descubrilos.

3ª Quenda: do 26 de xullo ao 08 de agosto de 2021

“Lendas do Camiño”. A través das infinitas lendas que envolven o Camiño de Santiago descubriremos a súa importancia e a súa riqueza. Aprenderemos a valorar o noso patrimonio histórico, artístico e cultural, na conmemoración do Xacobeo 2021.

4ª Quenda: do 09 ao 20 de agosto de 2021

“Olímpicos/as”. Neste ano atípico de olimpíadas aprazadas practicaremos e desfrutaremos xogando e coñecendo un pouco máis das antigas olimpíadas realizadas en Olimpia, así como dos xogos que se disputaban entón. Ademais, descubriremos as olimpíadas modernas e achegarémonos un pouco máis a Tokio 2021.

5ª Quenda: do 23 de agosto ao 03 de setembro de 2021

“Videoxogos en acción”. Nesta época na que as pantallas ocupan gran parte das nosas vidas, este campamento fará que poidamos desfrutar en vivo e en directo todas esas aventuras que discorren nelas. Utilizaremos os videoxogos virtuais para realizar adaptacións a situacións reais, a través de xogos motrices, de lóxica, de animación etc. En definitiva, será toda unha aventura!

HORARIO

Xeral: de luns a venes de 10:00 a 14:00 h

*Con posibilidade de ampliación por motivos de conciliación nas seguintes modalidades:

- Modalidade A: de 10:00 a 14:30 h

- Modalidade B: de 9:00 a 14:00 h

- Modalidade C: de 9:00 a 14:30 h

- Modalidade D: de 8:30 a 14:00 h

- Modalidade E: de 8:30 a 14:30 h

ESPAZOS DE REALIZACIÓN

Fórum Metropolitano e Ágora

Nº PRAZAS

900

COTA DE INSCRICIÓN

35,00 € para horario xeral

38,00 € para modalidade A

40,00 € para modalidade B

42,50 € para modalidades C e D

45,00 € para modalidade E

*O pagamento efectuarase no seguinte número de conta:

ES81 2080 0380 6230 4000 5657

**Enviarase o seu comprobante por correo electrónico a

forumagora@serviplus.org xunto co **nome da/o participante, a quenda e modalidade horaria** correspondentes.

***No caso de non se realizar o pagamento nos ditos prazos a praza quedará vacante, e serán chamadas as persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubrila.

****Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cobre a praza con outra persoa solicitante.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS ÁS LISTAXES DE AGARDA

Para ocupar as prazas vacantes e as non pagadas, terán preferencia as persoas das listaxes de agarda que non obtivesen ningunha praza, sempre respectando a orde de numeración do sorteo.

Contactaremos telefonicamente coas persoas das listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nas quendas que solicitaran. Realizaranse tres intentos de contacto telefónico a diferentes horas. De non se conseguir a comunicación, pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Calendario de chamadas telefónicas ás listaxes de agarda:

- **Primeira volta:** o día 16 de xuño. Terán que efectuar o pagamento os días 16 ao 18 de xuño.

- **Segunda volta:** o día 21 de xuño. Terán que efectuar o pagamento os días 21 ao 23 de xuño.

A partir do 25 de xuño, o resto das prazas que poidan quedar vacantes serán ocupadas polo público en xeral por orde de chegada, que se deberá inscribir na sede correspondente (nos horarios que se comunicarán) e aboalas no momento.

ENVÍO DA INFORMACIÓN PORMENORIZADA ÁS FAMILIAS

Coma na convocatoria do verán pasado, non haberá reunión informativa presencial, enviaranse por correo electrónico todas as indicacións e normas, así como o lugar específico ao que se deben dirixir en cada sede, o grupo de idade asignado, o/a educador/a de referencia e as instrucións de seguridade sanitaria.

+ información e inscrición en coruna.gal/campamentos2021